

Contando algún galego entre os seus devanceiros, **Peru Saizprez** naceu en Lima en 1971. Viviu en distintos lugares para rematar por sentirse madrilimeño. Publicista de profesión e axitador cultural, concibe os poemarios como auténticos obxectos artísticos e, como poeta, é un incansable investigador de outras dimensións e outras linguaxes poéticas alén do papel, procurando unha maneira distinta de dicir poesía.

Ademais diso, ten publicados catro libros. O primeiro deles viu a luz en 1996 baixo o título de *Sexo Satélite*, seguíronlle *Un corazón con pelos* (2007), *Mesa sin cuenta* (2009) e o máis recente, *Hotel Trip Carnival* (2014). Desempéñase tamén como autor de teatro e, nese eido, ten dúas obras estrenadas e escritas xunta o dramaturgo Darío Facal: *Madrid Laberinto XXI* (2008) e *La Historia Imaginaria de Bonnie and Clyde* (2011).

Combinando nos seus recitais videoproxeccións ou estratexias e ferramentas da performance, ten actuado sobre escenarios de toda España así coma en festivais internacionais de Nicaragua, Honduras, El Salvador, República Dominicana e Brasil.

*DEBIDO A SU PRECIO,
LA HABITACIÓN NOS COSTÓ LO QUE PAGAMOS POR ELLA.*

*ELLA ME CONOCIÓ EN SU MEJOR MOMENTO,
Y YO A ELLA EN EL MEJOR MOMENTO DE MI MEJOR CORTE DE PELO.*

*LA AMO DESDE ENTONCES, COMO LAS ESPOSAS AMAN A LOS
CRIMINALES.*




(PERU
SAIZPREZ)

Luns **17** de **novembro**
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS
DI(N)VERSOS



David Creus





David Creus Andrade naceu no ano 1975 en Cee. Cunha formación máis orientada cara a súa faceta plástica, licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Na actualidade compaxina coa docencia no ensino secundario o seu propio traballo artístico. Este último desenvólvese en distintos terreos creativos, que abranguen o puramente visual (exposicións individuais e colectivas), a interpretación (coa compañía Talía Teatro) e outras intervencións en proxectos creativos multidisciplinares, tocando dende a acción ata o vídeo pasando pola performance ou a danza. A isto hai que sumar a co-creación –xunto ó seu irmán Estevo Creus– da editorial e grupo artístico “nonou edicións”, un proxecto alternativo de edición de experiencias.

No ámbito estritamente literario foi membro do “Batallón Literario da Costa da Morte”, e do mesmo xeito participou nun bo número de revistas e libros colectivos (entre eles *Nós*, *Rumbo ás illas* e *Mar por medio*, do ano 1997, ou *Versos no Olimpo*, do pasado 2013). Ademais, publicou dous libros de poemas: *Palabras para un parque hidráulico* (2003) e *Facer Merzbau non ou posible?* (con Estevo Creus, 2006). Igualmente editou os cadernos das catro performances levadas a cabo por nonou edicións en 2005, 2009, 2011 e 2012.

*dar pequenos pasos derredor da casa
ver a propiedade*

*mirar a brancura da casa
mirar as luces*

medirte

*medirte sempre co que hai dentro
medirte sempre co que hai dentro*

*e as luces
e a brancura*

medirte

e non respiras




(DAVID
CREUS)

Luns **17** de **novembro**
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS
DI(N)VERSOS



Peru Saizprez

